



## POSTA EN MARCHA DUN NEGOCIO

### Sociedade anónima laboral






**XUNTA  
DE GALICIA**

**Edición:**  
Xunta de Galicia

**Autor:**  
OBZ SL

**Deseño e maquetación:**  
OBZ SL


**Santiago de Compostela, 2024**  
**Depósito legal:**  
C 600-2024




# ÍNDICE



## 10. Sociedade anónima laboral



✓ **SOCIEDADE ANÓNIMA NA QUE A MAIORÍA DO CAPITAL SOCIAL É PROPIEDAD DAS PERSOAS TRABALLADORAS QUE PRESTAN OS SEUS SERVIZOS NELA.**



### DEFINICIÓN



Unha sociedade anónima laboral (SAL) é unha sociedade anónima na que a maioría do capital social, polo menos o 51%, é propiedade das persoas traballadoras que prestan servizos nela. Estes servizos son retribuídos de forma persoal e directa e a relación laboral é por tempo indefinido.

O trámite de calificación de "sociedade laboral" pódese facer tanto para sociedades anónimas de nova creación como de sociedades anónimas xa existentes e que cumpran os requisitos esixibles.

O capital social divídese en accións nominativas. As accións dunha SAL divídense en:

- *Accións de tipo laboral*, as que son propiedade das persoas traballadoras na que a relación laboral é por tempo indefinido.

- *Accións de tipo xeral*, o resto de accións.

As achegas de capital poden ser achegas pecuniarias ou non pecuniarias.

O feito de que as persoas traballadoras dunha SAL sexan as persoas socias favorece a implicación e a automotivación destas á hora de afrontar proxectos e comprometerse cos obxectivos da empresa.

### DEREITOS DAS PERSOAS SOCIAS ACCIONISTAS

Algúns dos dereitos máis importantes son:

- ✓ Dereito de participar na repartición das ganancias sociais e do patrimonio resultante da liquidación.
- ✓ Dereito de subscripción preferente, tanto nas novas accións emitidas como nas obrigas convertibles en accións e que prioriza os diversos colectivos por esta orde: persoas traballadoras indefinidas que non sexan socias, persoas traballadoras socias, persoas socias non traballadoras e sociedade.
- ✓ Dereito de asistir e votar nas xuntas xerais e impugnar acordos sociais.
- ✓ Dereito de información.

## 2 Definición e características

### ÓRGANOS QUE REXEN A SOCIEDADE ANÓNIMA LABORAL

Diferéncianse dous órganos independentes:

**Xunta Xeral de Accionistas**

**Persoas administradoras ou órganos de administración**

#### **Xunta Xeral de Accionistas:**

Está constituída por quen ten a propiedade das accións. Toma as decisións máis importantes e os votos correspóndense co número de accións. Hai diferentes tipos de xuntas: ordinaria, extraordinaria e universal.

#### **Persoas administradoras ou órganos de administración:**

As persoas administradoras poden ser persoas físicas ou xurídicas e, agás que os estatutos dispoñan o contrario, non se require que sexan persoas accionistas. As persoas administradoras xestionan e representan a empresa e son elixidas pola Xunta Xeral.

A administración, polo tanto, pode ser:

- Administración única: unha persoa administradora actúa a título individual.
- Administración solidaria: varias persoas administradoras actúan de forma individual.
- Administración mancomunada: varias persoas administradoras actúan conxuntamente de forma obrigatoria.
- Consello de Administración: composto por polo menos tres persoas administradoras.

#### **Diferenza entre unha SA e unha SAL**

A principal diferenza radica no tipo de persoas socias. No caso das S.A., as persoas socias poden ser persoas físicas ou xurídicas e non se esixe ningunha relación laboral entre estas. Nas SAL, as persoas socias son na súa maior parte persoas traballadoras con carácter indefinido e relación laboral coa empresa.

Outras diferenzas están relacionadas co capital social, coa participación das persoas traballadoras, coa transmisión de accións e a responsabilidade social e administración.

Nunha SA o capital social pode estar en mans de persoas accionistas externas; as persoas traballadoras non teñen por que ser accionistas ou propietarias, as accións pódense transferir libremente entre accionistas e a responsabilidade límitase ao capital achegado.

Nunha SAL, o capital social pertence maioritariamente ás persoas traballadoras que realizan servizos retribuídos de carácter indefinido e ningunha das persoas socias pode posuír máis dun terzo do capital social en accións, agás excepcións. As persoas traballadoras son ademais propietarias.

A transmisión de accións libremente só se pode realizar se non hai oferta de compra. No caso contrario, débese realizar a transmisión «inter vivos» entre as persoas socias traballadoras e as persoas empregadas indefinidas. Permite nomear unha persoa administradora con carácter indefinido.

### CARACTERÍSTICAS

As características principais deste tipo de sociedade son:


- ✓ Débese formalizar a constitución mediante escritura pública e posterior inscrición no Rexistro Mercantil.
- ✓ Débese solicitar a cualificación como sociedade laboral á Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia.
- ✓ Na denominación deberá figurar necesariamente a expresión "sociedade anónima laboral" ou a súa sigla "SAL".
- ✓ O seu capital divídese en accións de dous tipos: accións tipo laboral e accións tipo xeral.
- ✓ A empresa pode cotizar en bolsa.
- ✓ Precísase dun capital mínimo de 60.000 euros. O capital social debe estar totalmente subscrito e desembolsado, como mínimo, nun 25% do valor de cada unha das accións.
- ✓ O número de horas ao ano traballadas polas persoas traballadoras contratadas por tempo indefinido que non sexan persoas socias, non poderá ser superior ao 49% do total de horas ao ano traballadas polo conxunto das persoas socias traballadoras. Para este cálculo non se teñen en conta as persoas traballadoras con discapacidade cun grao igual ou superior ao 33%.
- ✓ Ademais das reservas legais, as SAL están obrigadas a constituír un Fondo Especial de Reserva que se dotará cun 10% do beneficio líquido de cada exercicio. Este fondo só poderá destinarse á compensación de perdas, en caso de que non existan outras reservas dispoñibles, e/ou á adquisición das súas propias accións.
- ✓ Ningunha das persoas socias poderá ter participacións por contía maior da terceira parte do capital social da empresa, con dúas excepcións:
  - Se a SAL a constitúen dúas persoas socias traballadoras (cada unha terá o 50% do capital e dereito ao voto).
  - Se as persoas socias son entidades públicas, de participación maioritariamente pública, entidades non lucrativas ou de economía social, as participacións destas persoas socias poden ser maiores sen chegar ao 50% do capital social achegado.
- ✓ Na transmisión de accións de clase laboral terán dereito preferente de subscrición as persoas traballadoras non socias con contrato indefinido, ás que lle seguen as persoas socias traballadoras, as persoas titulares de accións de clase xeral e o resto de persoas traballadoras. No caso de transmisión de accións de carácter xeral, seguirase a mesma orde anterior, pero comezará polas persoas socias traballadoras.
- ✓ Na transmisión «mortis causa», a persoa herdeira adquire a condición de socia.
- ✓ Ten que levar un Libro de inventarios e Contas anuais, un Diario e un Libro de actas.
- ✓ Tamén levará un Libro rexistro de accións nominativas. Toda persoa accionista deberá inscribirse no devandito libro.

## 3 Vantaxes e inconvenientes

A SAL ofrece unha combinación de flexibilidade, de limitación de responsabilidade e de oportunidades de crecemento que poden ser atractivas para persoas emprendedoras e traballadoras que desexen participar activamente na xestión da empresa.


### VANTAXES

- Pode ser xestionada por persoas alleas á sociedade. Desta forma, deslígase a propiedade da empresa (as persoas propietarias das accións) e as administradoras da empresa, que non teñen por que ter a condición de persoa socia.
- Non ten límite de persoas socias.
- Pode cotizar en bolsa.
- A responsabilidade das persoas socias límitase ás súas achegas.
- A SAL achega unha imaxe de maior seriedade, solvencia e compromiso en negocios de certa envergadura, como pode ser o sector bancario, o dos seguros, o farmacéutico, etc.
- Exención do 99% no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITP e AXD).
- Facilidades de acceso ao crédito e ao financiamento.



### INCONVENIENTES

- ✗ Capital mínimo elevado.
- ✗ Prioridades na transmisión das accións segundo o colectivo ao que se pertenza.
- ✗ Toma de decisións laboriosa e lenta, ao requirir reunións de xunta.
- ✗ Os estatutos que se establecen na constitución da empresa deben modificarse cada vez que exista un cambio dentro da organización.
- ✗ Privacidade: as persoas socias son identificables e non existe o anonimato.



## 4 Constitución e posta en marcha

### PROCESOS E TRÁMITES

#### PROCESO DE CONSTITUCIÓN

Actualmente só se pode realizar a constitución dunha SA de forma presencial e **non é posible realizala de forma telemática.**

Os pasos a seguir para a constitución serían:



1. Rexistro Mercantil Central: solicitar a certificación negativa do nome da sociedade que se vai constituír.
2. Axencia Tributaria (AEAT): obtención do número de identificación fiscal provisional, NIF ([MODELO 036](#)).
3. Apertura dunha conta bancaria.
4. Notaría: escritura pública inscrita no Rexistro Mercantil provincial.  
A escritura de constitución deberá outorgarse por todas as persoas socias fundadoras, sexan persoas físicas ou xurídicas, por si ou por medio de representante, que deberán asumir a totalidade das participacións sociais ou subscribir a totalidade das accións. A escritura conterá:
  - a. A identidade das persoas socias.
  - b. A vontade das outorgantes de fundar unha sociedade anónima laboral.
  - c. O metálico, bens ou dereitos que cada persoa socia achegue ou se obrigue a achegar.
  - d. A contía dos gastos de constitución.
  - e. Os nomes, apelidos e idade das persoas que se encarguen inicialmente da administración e representación social ou a súa denominación social, nacionalidade e domicilio.
  - f. Nos estatutos que rexen o funcionamento da sociedade, farase constar:
    - i. A denominación social.
    - ii. O obxecto social.
    - iii. O domicilio social.
    - iv. O capital social que deberá expresarse a parte do seu valor non desembolsado, así como a forma e prazo máximo no que se teñen que satisfacer os dividendos pasivos.

## 4 Constitución e posta en marcha



v. As clases de accións e as series, no caso de que existisen; á parte do valor nominal pendente de desembolso, así como a forma e o prazo máximo en que satisfacelo; e se as accións están representadas por medio de título ou por medio de anotacións en conta. No caso de que se representen por medio de títulos, indicárase se son as accións nominativas ou ao portador/a e se se prevé a emisión de títulos múltiples.

vi. O modo ou modos de organizar a administración da sociedade, o número de persoas administradoras ou, polo menos, o número máximo e o mínimo, así como o prazo de duración do cargo e o sistema de retribución, se o tivesen.

vii. O modo de deliberar e adoptar acordos.

viii. A data de inicio de operacións.

ix. A duración da sociedade.

x. A data de peche do exercicio social, que, no seu defecto, será o 31 de decembro de cada ano.

xi. As restricións á libre transmisibilidade das accións, cando se estipulen.

xii. O réxime de prestacións accesorias.

xiii. Os dereitos especiais das persoas socias fundadoras ou promotoras da sociedade.

5. Cualificación e inscrición da sociedade anónima laboral pola Secretaría Xeral de apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia (cualificación de sociedade laboral) .

6. Axencia Tributaria de Galicia, Atriga: imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITP e AXD) ([MODELO 600](#)) .

7. Rexistro Mercantil Provincial: inscrición da empresa no rexistro.

8. Axencia Tributaria (AEAT): solicitude do NIF definitivo ([MODELO 036](#)) .

## 4 Constitución e posta en marcha

### TRÁMITES PARA A POSTA EN MARCHA DA SOCIEDADE ANÓNIMA

#### TRÁMITES XERAIS

- Axencia Tributaria (AEAT): alta no censo de persoas empresarias, profesionais e retedoras.
- Axencia Tributaria (AEAT): imposto sobre actividades económicas, IAE (exentas as empresas de nova creación durante os dous primeiros exercicios).
- Autoridades de certificación: obtención dun certificado electrónico .
- Rexistro Mercantil Provincial: legalización do Libro de actas, do Libro rexistro de persoas socias, do Libro rexistro de accións nominativas e do Libro rexistro de contratos.
- Rexistro Mercantil Provincial: legalización do Libro diario e do Libro de inventarios e contas anuais .
- Tesourería Xeral da Seguridade Social: alta das persoas socias e administradoras nos réximes da Seguridade Social.

#### TRÁMITES NO CASO DE CONTRATAR PERSOAS TRABALLADORAS

- Tesourería Xeral da Seguridade Social: afiliación (no suposto de que non estean afiliadas) e alta de persoas traballadoras no réxime da Seguridade Social.
- Tesourería Xeral da Seguridade Social: inscrición da empresa.
- Xunta de Galicia: comunicación de apertura do centro de traballo.
- Inspección provincial de traballo: obtención do calendario laboral.
- Servizo Público de Emprego Estatal, SEPE: alta dos contratos de traballo.

#### TRÁMITES SEGUNDO A ACTIVIDADE

- Outros organismos oficiais e/ou rexistros: inscrición segundo actividade.

#### TRÁMITES COMPLEMENTARIOS

- Oficina Española de Patentes e Marcas: rexistro de signos distintivos.

#### CUALIFICACIÓN E INSCRICIÓN COMO SOCIEDADE LABORAL

A cualificación e inscrición da sociedade anónima laboral realízase no mesmo trámite , e achegarse no Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais da Xunta de Galicia a seguinte documentación:

- A solicitude.
- A escritura pública de constitución.
- O pago das taxas correspondentes.

No caso dunha sociedade preexistente, a cualificación require de máis documentación relativa a datos actuais concernentes a asentos vixentes da entidade, acordo de xunta xeral favorable á cualificación, modificacións de estatutos, cotizacións á Seguridade Social das persoas traballadoras e asalariadas, etc.

## 4 Constitución e posta en marcha

Os trámites de constitución dunha sociedade anónima laboral son similares a algúns doutras formas xurídicas: primeiro precísase pechar un acordo entre as partes e despois acudir a Facenda, á Seguridade Social e, no caso de necesitar licenza de apertura, ao concello da localidade onde se fixe o domicilio fiscal.

Débase facer **de forma presencial**: débese acudir aos organismos e administracións públicas.

**AEAT**, Axencia Estatal de Administración Tributaria: Tel.: 91 290 13 40

Oficinas A Coruña

Oficinas Lugo

Oficinas Ourense

Oficinas Pontevedra

**Atriga**, Axencia Tributaria de Galicia: Tel.: 881 955 800

Delegación A Coruña

Delegación Lugo

Delegación Ourense

Delegación Pontevedra


Delegación Vigo

**Seguridade social:** Tel.: 91 542 11 76

*A alta debe facerse de forma telemática obrigatoriamente.*



## 4 Constitución e posta en marcha



## 5 Obrigas fiscais


Algunhas das obrigas fiscais da sociedade mencionáronse no proceso de constitución e posta en marcha:

- ✓ **Imposto sobre actividades económicas (IAE):** este imposto somete ao gravame o exercicio de actividades empresariais, profesionais ou artísticas no territorio español.
- ✓ **Imposto sobre sociedades (IS):** este imposto directo somete ao gravame a renda de todas as sociedades e entidades xurídicas con sede no territorio español. Nunha SAL de nova creación, a base imponible durante os dous primeiros anos tributa ao tipo reducido do 15% e a partir do terceiro ano aplícase o tipo xeral do 25%.
- ✓ **Imposto sobre o valor engadido (IVE):** este imposto indirecto somete ao gravame o consumo de bens e servizos na Península e Baleares.
- ✓ **Impostos locais:** estes impostos varían segundo o municipio onde se atope a sociedade anónima.
- ✓ **Exención do 99% do ITP e AXD.**
- ✓ Ademais, unha sociedade anónima laboral tamén pode estar obrigada a pagar **outros impostos**, como o imposto sobre bens inmobles (IBI) ou os impostos especiais e medioambientais. Cómpre ter en conta que os impostos poden variar segundo a forma de aplicarse, xa sexa de forma directa ou indirecta.

## PARA TER EN CONTA

### BONIFICACIÓNS E AXUDAS

Existen bonificacións nas cotas que se deben pagar e axudas para a posta en marcha dun negocio, infórmate axeitadamente. As axudas poden resultar interesantes, pero lembra que a viabilidade dun proxecto non se debe apoiar nunca exclusivamente nelas.



## 6 Extinción e cesamento de actividade

No caso particular das sociedades anónimas laborais pódese dar o caso de perder a cualificación de sociedade laboral sen que supoña un cesamento ou extinción da sociedade. A descualificación supón a perda de beneficios tributarios e financeiros, aínda que se poden emendar os defectos e restituír a cualificación.


As principais **causas de perda da cualificación como "sociedade laboral"** son:

1. **Se o número de horas ao ano traballadas por persoas traballadoras "non socias" excede o 49% das traballadas polas persoas socias traballadoras durante máis de 12 meses.** O Rexistro de Sociedades poderá conceder ata dúas prórrogas de 12 meses cada unha, sempre que se acredite que se está a avanzar no proceso de adaptación do límite excedido.
2. **Cando algunha persoa socia excede a súa participación en máis da terceira parte do capital social.** A sociedade ten un prazo de 18 meses para acomodar a situación dos seus socios.
3. **Falta, insuficiente dotación ou aplicación indebida do Fondo de Reserva especial.**

A extinción dunha sociedade é o proceso mediante o cal a persoa empresaria realiza os trámites necesarios para o peche da empresa.

Antes de tomar unha decisión, as persoas socias fan ben en sopesar todas as consecuencias legais e financeiras derivadas da extinción da sociedade, porque, nalgúns casos, pode bastar un cesamento, que deixa a porta aberta a unha reactivación posterior sen chegar á disolución.

No proceso de extinción débense seguir estes pasos: disolución-liquidación-extinción.



## 6 Extinción e cesamento de actividade

### DISOLUCIÓN

Para que se produza a disolución da sociedade é preciso chegar a un acordo da Xunta Xeral de accionistas para poder iniciar o proceso de liquidación da empresa.

Esta disolución, paraliza a actividade ordinaria da empresa e permite abrir o período de liquidación.

As causas de disolución son as establecidas nos estatutos da empresa e as establecidas na lexislación.

Os efectos inmediatos da disolución dunha sociedade anónima laboral son os seguintes:

- A sociedade entra inmediatamente nun período de liquidación.
- Queda obrigada a engadir á súa denominación a frase "en liquidación".
- Suspéndese toda a súa actividade lucrativa.
- O órgano administrativo da sociedade substitúese polo órgano que liquidará a sociedade.
- No caso de que o proceso de liquidación se estenda por un período superior a un ano, o balance anual substitúese por un estado de contas.

### LIQUIDACIÓN

Unha vez disolta a empresa, ábrese o período de liquidación, coa finalidade de repartir entre as persoas socias o patrimonio restante despois de liquidar os créditos pendentes e satisfacer todas as súas débedas sociais.

As persoas que se encargan de levar a cabo este proceso denomínanse liquidadoras e designanse segundo o establecido nos estatutos ou, na súa falta, poderán ser nomeadas pola Xunta Xeral.

Este período non anula a personalidade xurídica da sociedade e por iso se manterán as convocatorias e reunións das xuntas xerais de persoas socias. Nestas xuntas xerais, as persoas liquidadoras deberán explicar a marcha da liquidación para que a Xunta acorde o que máis conveña.

Unha vez que remate a fase de liquidación, as persoas liquidadoras presentaranlle á Xunta Xeral os seguintes documentos:

- Un balance final.
- Un informe completo sobre as operacións realizadas.
- Un proxecto coa división entre as persoas socias do activo resultante.

Finalmente, terá lugar a división do patrimonio social resultante segundo ditos os estatutos.

## 6 Extinción e cesamento de actividade

Un caso diferente preséntase cando o inicio da fase de liquidación se produce pola apertura dun **concurso de persoas acreedoras**. Neste caso prodúcese a disolución de pleno de dereito da sociedade e esta non poderá nomear as persoas liquidadoras.

A lexislación que se debe aplicar é a establecida no capítulo II do título V da Lei concursal .

**NOTA:** se a sociedade non tivese débedas nin créditos pendentes, a disolución e a liquidación poderían levarse a cabo de forma paralela.

### EXTINCIÓN


Unha vez realizada a liquidación, as persoas liquidadoras deben obrigatoriamente inscribir a extinción no Rexistro Mercantil (RM) mediante escritura pública que conteña:

- O balance final de liquidación.
- O acordo de aprobación do balance final.
- A declaración de pagarlle ás persoas acreedoras ou á consignación dos seus créditos.
- A división do resultado final e como se distribuíu o patrimonio entre as persoas socias.

Tras a extinción, no prazo dun mes, as persoas socias deben darse de baixa no censo de persoas empresarias da AEAT mediante o [MODELO 036](#) e do IAE mediante o [MODELO 840](#) .

No caso de ter persoas empregadas, dar de baixa o código de conta de cotización na Tesourería Xeral da Seguridade Social mediante o [MODELO TA.7](#) de solicitude de alta, baixa e variación de datos da conta de cotización.

Lembra que é esencial contar co asesoramento de profesionais do ámbito legal e contable para asegurarse de cumprir con todas as regulacións e procedementos aplicables en cada caso particular.



## 7 Normativa aplicable

### NORMATIVA

A normativa aplicable ás sociedades anónimas laborais é a seguinte:

[Lei 44/2015, do 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas](#) .

[Lei 18/2022, do 28 de setembro, de creación e crecemento de empresas](#) .

[Real decreto legislativo 1/2010](#) polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital.

[Lei 11/2009](#) , pola que se regulan as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario.

[Real decreto 1251/1999](#) , sobre sociedades anónimas deportivas.



# COLECCIÓN DE MICROGUÍAS PARA **O EMPRENDEMENTO**

